

Os Clústeres galegos de biomasa e deporte e benestar organizan unha xornada sobre o uso da biomasa en instalacións deportivas

O uso da biomasa en instalacións deportivas permite un aforro anual de até o 50%

Oleiros (A Coruña), 14 de outubro de 2022. Dar a coñecer os beneficios que a biomasa ofrece aos recintos deportivos e difundir as axudas públicas dispoñibles para o uso desta enerxía. Ese foi o obxectivo da xornada **Uso de biomasa en instalacións deportivas**, organizada polo **Clúster da Biomasa de Galicia e o Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar**, unha sesión informativa que se celebrou na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, en Oleiros (A Coruña).

“A actual situación enerxética preocúpanos a todos e as instalacións deportivas non son alleas a esta realidade”, sinalou o presidente do Clúster da Biomasa de Galicia. Neste sentido, Francisco Álvarez apuntou que “as solucións que ofrece a biomasa, sobre todo a través dos **pellets e a acha**, contribúen a mellorar a eficiencia das instalacións deportivas, permiten **aforros anuais de até o 50%** e tamén contribúen a lograr a neutralidade climática”. Por outra banda, o presidente do Clúster da Biomasa de Galicia fixo fincapé en que “este tipo de enerxía é o motor para **xerar postos de traballo nas contornas rurais**”.

Á xornada de hoxe, financiada pola Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), asistiu tamén a xerente do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar, Sofía Toro: “o noso sector viuse moi prexudicado polos peches de instalacións durante a pandemia”, subliñou Sofía Toro, “e agora coa subida dos custos da enerxía, hai recintos deportivos en situación crítica, cuns gastos que son inasumibles. Por iso, desde o Clúster reivindicamos a necesidade de axudas específicas que nos permitan reactivar o sector do deporte”.

A aposta pola eficiencia enerxética, o camiño dos Concellos

Actualmente en Galicia un 24% das piscinas deportivas empregan a biomasa como fonte de enerxía. Con todo, na xornada celebrada hoxe na localidade coruñesa de Oleiros participaron varios xestores das piscinas públicas e todos eles coinciden en reclamar a implicación das administracións locais para que “aumenten a súa aposta pola eficiencia enerxética”.

Neste sentido, varios relatores destacaron que existen experiencias positivas de instalacións deportivas que empregan a biomasa para quentarse, unha saída que permitiu importantes aforros desde o ano 2015.

Máis información:

Área de Comunicación - Noelia Fernández

Teléfono 610 17 43 88